



O FARELO

Nº18

Xuño de 2018
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Matria,
vencedora no
Festival de
Cans



Páxina VIII

2.701 adhesións
á petición da
Medalla Castelao
para Xesús Mato



Páxina XII

I Festa do río
Asneiro en
Entre Ríos



Páxina XV

Anne Derenne,
unha
debuxante
francesa en
Madrid



Páxina XVI

Novo libro
sobre Xaquín
Marín, de Félix
Caballero



Páxinas XVII

Ribas de Sil
celebra a XVI
Feira da
Cereixa e do
Aceite



Páxina XIX



Corpus Christi 2018 en Ponteareas

Páxinas II a V

Entrevista



Ramón Campos, guionista e produtor

"En 'Fariña' máis que unha
trama policial buscaba facer
un retrato dun momento da
historia de Galicia"

Páxina XI



Galicia

A actriz e presentadora Nieves Rodríguez Pregoeira do Corpus Christi 2018

A actriz Nieves Rodríguez foi convidada este ano para ser a Pregoeira do Corpus Christi de Ponteareas 2018.

Veciña da comarca do Baixo Miño, Nieves Rodríguez, que actuou en series da TVG como Rías Baixas ou Pazo de Familia e como presentadora en programas como Vaia Troula, Desde Galicia para el mundo -co que gañou o premio AGAPI a mellor comunicadora-, A tarde é nosa ou Luar, é a presidenta da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG).

No Auditorio Reveriano Soutullo da Vila, a Pregoeira lembrou as súas primeiras vivencias relacionadas coa Festa do Corpus cando de pequena asistía con súa avó a colocar o posto de rosquillas.

Nieves Rodríguez fixo un recorrido ao longo dos anos das lembranzas que tiña destas Festas. Aínda que sendo natural de Donosti voltou sendo nena a Galicia, a vivir en Tui. Foi deste esta vila como ela acom-

pañando a súa avó tivo contacto co Corpus, co desfolle dos días anteriores e cos inicios dos trazados nas rúas que darían logo vida a cada alfombra.

Falou da pegada que deixou no seu maxín o balbordo das rúas de Ponteareas nos días previos á festa, sobre todo o día anterior.

O que máis lle admiraba era o traballo da preparación das flores tan distintas e logo tan xuntas nunha mesma obra artística. “O meu corazón de nena ficou abraído perante tal espectáculo de arte, de colorido

e de colaboración. Participar de algo tan máxico como a elaboración das alfombras, aínda que sexa como simple espectadora deixou en mín unha pegada moi fonda. Pensar, daquela, que un día sería a Pregoeira das Festas do Corpus semellaba unha tolemia”.

Citou ao filósofo Confucio na súa resposta a un alumno a quen lle parecía superfluo mercar arroz e flores. “Merco arroz para vivir e flores para ter algo polo que vivir”; respostou o filósofo. Tampouco se esqueceu do poeta Rabindranath Tagore,



quen deixou escrito, “aínda que lle arrinques os pétalos a unha flor, non poderás privar á flor da súa beleza”. “Se vivise e viñera a Ponteareas exclamaría: “¿Vedes canta razón tiña?” dixo a Pregoeira.

“Á marxe da incontestable beleza das alfombras, que ningún discute; á marxe da solemnidade da procesión; á marxe de calquera outra cuestión que queirades poñer sobre a mesa, o que máis impresionaba a aquela nena de trenzas que paseaba por Ponteareas acompañada da súa avoa ou doutros membros da familia, era ver como todo un pobo se unía e se xunguía a nunha empresa común. . Logo de todo isto aquela nena de coletas come-

zou a crer que os milagres existen”, deixou dito a Pregoeira. Vestir ao voso pobo coas mellores galas. ¿Pode haber un traballo máis encomiable ca ese?, rematou.

Tamén lembrou a Víctor Hugo cando afirma que non existen países pequenos. A grandeza dun pobo non se mide polo número dos seus compoñentes, como non se mide pola súa estatura a grandeza dun home. “Vos podeades afirmar con orgullo que Ponteareas é un pobo grande, pois a súa grandeza reside en todos e cada un de vós”.

Grazas, unha vez máis, por facerme partícipe desa grandeza como pregoeira e que dean comezo as festas do Corpus”, rematou Nieves Rodríguez.



Presentación da revista PREGÓN

Na foto familiar todos os que escribiron algo na “Revista PREGÓN” acompañados polas autoridades locais.

Esta Revista leva un montón de anos descubríndonos cousas e casos dos homes e mulleres desta Vila, da súa orixe máis remota e dos homes e mulleres ilustres que naceron ou viviron nela.

Polas súas páxinas teñen desfollado desde historiadores, a músicos, docentes, investigadores, etc. Cada un deles procuran ofrecernos os resultados das súas pesquisas e algúns as lebranzas que teñen de cando eran novos e chapoteaban nas charcas que daquela aínda tiñan as rúas de Ponteareas.

CORPUS PONTEAREAS

MARTES 22

18:00 h Sala Multiusos, Auditorio Municipal
Presentación libro Os Bolechas
van a Ponteareas, coa presenza de
Pepe Carreiro

XOVES 24

20:30 h Salón de Plenos
Presentación da revista "Pregón"

SÁBADO 26

21:00 h Auditorio Municipal
Lectura do Pregón de Corpus a cargo
de Nieves Rodríguez, actriz e
presentadora da TVG
Concerto a cargo da Orquestra de
Cámara Galega

DO LUNS 28 ATA O SÁBADO 2

A partir das 19:30 h

Música nas prazas e rúas das alfombras
Grupos: Sadeo, San Salvador de Padróns,
Casa Cultural de Areas, Santiago de Oliveira,
Ronco e Fol e Algazara de Celeiros

SÁBADO 2

A partir das 16:00 h

Inicio confección das alfombras

21:00 h Salón de Plenos

Recepción de autoridades e percorrido
polos portais alfombristas

A partir das 22:30 h

Música pola rúa

23:30 h Mercado Municipal

Apertura da exposición "Corpus en flor" e
Meninas

DOMINGO 3

10:30 h Casa do Concello

Recepción de autoridades

Concerto banda de música Reveriano Soutullo

19:30 h Ruas do centro urbano

Desfile de carrozas e batalla de flores
acompañada da Banda de Gaitas Tremiñado
Performances e agrupacións A Vila, Santiago de
Oliveira, Campechanos e Brincadeiros de S. Mateo

A partir das 22:00 h Praza Maior

Orquestra AMÉRICA

A partir das 23:30 h Praza Bugallal

Grupo MITIC

Fin de festa, Praza Maior

Orquestra AMÉRICA

LUNS 4

12:00 h Praza Bugallal

Animación infantil a cargo de Animar-T

17:00 h Entorno da Praza Bugallal

Animación infantil con inchables

20:00 h Monumento ao Alfombrista

Ofrenda floral In memoriam aos alfombristas

20:30 h Auditorio Municipal

Acto entrega de medallas do Corpus Christi

Homenaxe a comisión do Corpus Christi ano 1948

21:00 h

Animación na rúa

22:30 h Praza Maior

Orquestra PARIS DE NOIA

ACTOS RELIXIOSOS

SÁBADO 2

20:00 h

Santa Misa de Vésperas do Corpus Christi

DOMINGO 3

09:00 h

Santa Misa

10:00 h

Santa Misa (TVG), cantada por OVAV

11:00 h

Santa Misa Solemne cantada, pola coral
Centro Artístico Sportivo

12:00 h

Procesión do Corpus Christi acompañada,
pola Banda de Música Reveriano Soutullo

20:00 h

Santa Misa

LUNS 4

16:00 h

Santa Misa por todos os Alfombristas falecidos

DO LUNS 4 A DOMINGO 10

09:00 h

Octava do Corpus Christi

09:00 h

Exposición Solemne e Adoración do Santísimo

09:00 h

Santa Misa de Octava

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

SÁBADO 26

09:00 h a 10:00 h

Praia fluvial A Freixa

Campionato Galego de augas abertas

Organiza Club de natación de Ponteareas

DOMINGO 27

09:00 h

Saída Piscina Municipal

Marcha das Rosquillas

SÁBADO 9 XUÑO

09:00 h

Piscina municipal

Trofeo amizade

Organiza Piscina Municipal

DO VENRES 22 XUÑO AO 1 DE XULLO

09:45 h a 20:00 h

A Freixa

Open tenis Vila do Corpus

Organiza Club de tenis de Ponteareas

EXPOSICIÓNS

Auditorio Municipal

Exposición de pintura Academia Iris

Sábado, 2 de 19 h ata a madrugada

Domingo, 3 de 11:00 h a 13:00 h

de 19:00 h a 21:00 h

Luns, 4 de 16:00 h a 21:00 h

Mercado Municipal

Exposición Corpus en Flor e Meninas

Sábado, 2 de 23 h ata a madrugada

Domingo, 3 de 10:00 h a 23:00 h

Luns, 4 de 11:00 h a 22:00 h

DO 17 DE MAIO AO 29 XUÑO

Museo Municipal

Exposición Rompe, xoga en igualdade

De luns a venres de 11:30 h a 19:00 h

VISITAS GUIADAS

DOMINGO 3

Visitas guiadas a Castro de Troña e Castelo do Sobroso

PONTEAREAS |  Concello de
PONTEAREAS

PROGRAMACIÓN CORPUS

Portais do Corpus Christi de Ponteareas 2018



Baixada de San Gregorio



Praza Maior



Reveriano Soutullo - A Castiñeira.



Rúa de Oriente



Rúa Constitución



Rúa Contitución



Rúa dos Ferreiros - San Roque.



Rúa dos Ferreiros



Traballadores da parroquia de Arcos



Portal Cantón de Boavista



Portal Reveriano Soutullo



Opinión

O noso idioma é internacional

Por **José PAZ RODRIGUES** (Académico da AGLP, Presidente da ASPGP e Professor Aposentado da Universidade de Vigo)

No Sempre en Galiza assinalava Castelao que “o noso idioma é extenso e útil porque com pequenas variantes fala-se em Brasil, Portugal e nas hoje ex-colónias portuguesas da Ásia e da África”. Pela sua parte, Risco comentava em 1930 que “poucos galegos se têm percatado do que Portugal é para nós. Portugal é a Galiza ceive e criadora, que levou pelo mundo adiante a nossa fala e o nosso espírito, e inçou de nomes galegos o mapa do mundo”.

Rafael Dieste, que em 1933 dirigiu magistralmente a missão pedagógica por Galiza, no seu livro *Ante a terra e o céu*, diz: “Existe entre o galego e mais o português tão estreita afinidade que quanto mais português é o português e mais galego é o galego, mais vêm a se assemelham”. Em *Pensamento e Sementeira*, Vilar Ponte escreve: “Ou é que ainda há quem, possuindo alguma cultura, pense que o nosso idioma vernáculo e o idioma de Portugal não são todo um e o mesmo, com idêntica sintaxe e idêntico léxico, agás pequenas diferenças, fázeis de subsanar, se não se querem unificar a custo dum pequeno esforço, e agás galicismos e americanismos que abundam na fala dos irmãos de além Minho?”.

Em similares termos falaram outros dos nossos vultos como Otero, Murguía, Biqueira, Bouça-Brei, Blanco Torres, Carvalho Calero, Guerra da Cal e Marinho del Valhe, ademais de esse grande galego de Anadia que foi Rodrigues Lapa.

Diante deste prístino pensamento lingüístico, desenvolvido nas décadas dos anos vinte e trinta do passado século, um não se explica por quê os ga-



legos viraram as costas e fecharam os olhos a uma realidade tão evidente. Fazendo seguidismo dum muito errado cidadão asturiano chamado Constantino Garcia, que, para se perpetuar, deixou de herdeiro um Manolo González dirigindo o Centro “Ramón Piñeiro”, do que nos contam tem um orçamento elevadíssimo e umas contas em excesso opacas.

Pelo que não é admissível que seja neste lugar onde de verdade se decida a errada política lingüística levada a cabo nos últimos tempos. Afastando-nos do mundo lusófono ao que pertencemos e indo contra o mais elementar sentido lingüístico da romanística. Grande responsabilidade é a dos dirigentes deste centro e também a dos dirigentes da Academia corunhesa da rua das Tabernas, tomando decisões em nome dos galegos, muito negativas para a internacionalidade e o futuro da nossa língua.

Disfarçadas de falsa normalização, nos últimos 35 anos na Galiza, levamos sofrendo autênticas políticas de substi-

tuição lingüística. As autoridades e as administrações públicas, em vez de garantir os direitos lingüísticos e democráticos do povo galego, discriminam e perseguem aos que discrepamos e não aceitamos o programa de substituição lingüística e a dialectalização castelhana do nosso idioma, que tenta fazê-lo desnecessário no seu próprio país.

Temos também que exigir o reconhecimento da condição internacional da nossa língua, que com a variedade própria das línguas internacionais é falada por centos de milhões de pessoas no mundo, quer como língua nativa, tal como nós, quer como língua oficial de 8 Estados soberanos nos cinco continentes, ou como língua cada vez mais estudada em todo o mundo pelas vantagens das línguas internacionais.

Todos os galegos e galegas temos que exigir umha mudança imediata das políticas que tentam fazer a nossa língua desnecessária e dialectal, para outras que garantam os nossos direitos lingüísticos individuais e coletivos, fa-

zendo. Aos nacionalistas temos que solicitar-lhes uma política mais inteligente no apoio à língua, fomentando o uso mais por convencimento que por imposição e adiando, se pode ser de forma definitiva, o seu clássico sectarismo. o que o idioma da Nossa Terra seja extenso e útil.

Muitas vezes as sobreproteções são mais negativas que positivas. Uma mãe “canguru” com o seu filho não é consciente de que não está a favorecer o seu desenvolvimento com tal atitude. Aos mesmos recomendamos-lhes voltem a ler o que diziam os nossos vultos mais importantes e os programas daquelas Irmandades da Fala, com idéias muito mais claras que as dos políticos de hoje.

Finalmente solicitamos à atual Junta da Galiza, e ao seu presidente, que, quanto antes, se efective aquele acordo unânime de que de uma vez por todas se possam ver na Galiza as televisões portuguesas e se escutem as rádios. Que se solicite já a entrada da Galiza como membro de pleno direito no conselho da lusofonia (CPLP), no que graças à AGLP já membro observador, com representação oficial. Que, quando se aprove no parlamento português o acordo ortográfico, Galiza se adira ao mesmo. E que não se perda mais tempo, dinheiro e esforços em manter uma língua afastada do mundo ao que pertence. Galiza tem que deixar de ser de uma vez “o País dos tempos perdidos”. E isto o pronunciamos com força e forte ânimo, pois o dez de junho é o Dia internacional da Língua Portuguesa, de Camões e das Comunidades Lusófonas. A nossa Galiza, verdadeiro berço da língua portuguesa, só pode manter-se viva em língua e cultura se a mantemos dentro da Lusofonia, como país membro de pleno direito. .



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – PORTUGAL: Hilaria Albertina Dantas Antelo – Vale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho – MADRID: Juan Louzán – BARCELONA: Fdez. Valdeorra – PAIS BASCO: Nicolás Xamardo – CANARIAS: Fco. Puñal – NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Por Carlos Méixome

Afonso o retoponimizador

O rei Afonso, oitavo do seu nome, de León e Galicia, que na historiografía española figura co ordinal de noveno, tanto polo seu longo reinado, 42 anos, como pola súa política de repoboación preocupada por favorecer novos asentamentos ou potenciar algúns xa existentes, é un dos reis medievais que máis pegada deixou no nomenclátor do noso país; a el débense moitos dos nomes de vilas e cidades galegas actuais.

Pola nitidez da súa orixe latina é ben coñecida a procedencia medieval de moitos topónimos, entre os que sobresaen, pola súa frecuencia, os construídos sobre o termo “vila”, perdida xa a súa referencia baixoimperial como explotación agraria e mudada en xenérica expresión referida a concentración de poboación. Só aquí no Val Miñor temos un Vilar en Camos, dous Vilariños, o de Abaixo e o de Arriba, en San Pedro da Ramallosa, o lugar da actual e recente concentración urbana ao redor da Casa do Concello chamase Vilameán. Hai un Vilas en Morgadáns e un Vilarés que é a súa vez un lugar da parroquia de Vilaza.

Nalgunhas ocasións a escasa transparencia dos topónimos lévanos a procurar as súas orixes en escuros tempos recuados, como no caso de Baiona, que se fai proceder de “las voces célticas Bay, puerto, y on bueno”, escribiu José de Santiago na súa Bayona, antigua y moderna (1902) e apuntaba “debe tener igual etimología que la Bayona de Francia”, ou o da Coruña, que máis alá da súas orixes etimolóxicas son renomeamentos debidos ao noso

rei retoponimizador. Nestes e noutros moitos casos tanto os novos poboa-mentos como as novas denominacións están relacionados coa concesión de cartas de poboamento ou foros, práctica seguida polos reis medievais.

Estas orixes medievais de lugares importantes na Galicia actual tenas demostrado o “señor dos topónimos”, profesor e amigo Gonzalo Navaza, nun seu recente traballo sobre o caso da Coruña (“A orixe literaria do nome da Coruña” en Revista Galega de Filoloxía,



2016, 119-164) ou, aínda máis preto a hoxe en “A intervención régia na toponimia galega medieval. Os nomes de Afonso IX (1188-1230)” en Guavira Letras, nº 25, 2017.

Seguindo este último traballo de Navaza, que se centra só no sur do país, entre outros foros concedidos polo rei Afonso e renomeados estarían o de Milmanda, foro de 1199, e co mesmo sentido de “praza forte” que o do lugar do concello celanovés e o de Monforte de Lemos en foro concedido

no mesmo ano.

En 1201, concede foro á vella Erizana, mudándolle o nome a Baiona, e, cinco anos máis tarde, a Viana, empregado dende moi pronto como denominación da comarca, e ao que, hai un século, se lle engadiu o complemento Bolo; hai unha parroquia chantadina homónima. Reflexo da Viana galega poderían ser as posteriores Viana de Navarra, a quen lle concedeu foro en 1219 o rei Sancho VII “O Forte” ou a Viana do Castelo, fundada por Afonso III “O Bolonhês” en 1262.

En continuidade cronolóxica, viría o novo nome da Coruña (1208) e vol- vendo ao sur, e aínda que sen coñecer

o texto foral, hai referencias á vila da Guarda e a substitución de Lazoiro por Salvaterra de Miño. Ambas en documentos de Fernando III ao pouco de xuntar a coroa de Castela coa de León e Galicia tras a morte do seu pai Afonso, oitavo ou nono, segundo se queira. Sábese que o novo rei só fixo confirmar os foros do pai e non mudou nome algún.

Algunha outra retoponimización de Afonso sería a de Vilalba, antes Montenegro, na mesma liña que o seu pai

Fernando II cambiou o malsoante Malgrado por Benavente; por outro motivo, e sen éxito, Fernando II mudou Tui por Boaventura, mais o regreso ao dominio episcopal supuxo o retorno do vello nome.

Sen información suficiente poderíamos incluír entre outras mudanzas as de A Xironda en Cualedro ou as modificacións parciais de incluír un Pobra de... ou un Vilanova de..., como no caso de Pobra de Chantada ou Vilanova de Sarria (onde faleceu o rei Afonso) e mesmo a Pobra de Louriña que posiblemente se refira ao que hoxe é O Porriño.

Nun momento de esplendor do reino, expresada na arte románica e na lírica trobadoresca, moitos destes novos nomes teñen unha clara referencia á cultura francesa ou á literatura do momento. A influencia da cultura occitana nos reinos do norte peninsular é evidente e vén favorecida polos reis da casa de Borgoña, a orde de Cluny e polo propio Camiño de Compostela como eixe vertebrador. En Milmanda temos que escoitar o “mirmande”, ou vila fortificada semellante ao “Monfort”; en Baiona debemos ollar o reflexo de “Bayonne”; Crunia e Viana, esta con evidentes referencia a vía ou camiño, son topónimos citados na Historia Turpini que narra as fazañas de Carlomagno. E na Guarda temos que escoitar ecos das prazas militares, de “La Garde”; en Salvaterra, de “Sauveterre” ou terra con dereito de asilo, e na Xironda de “La Gironde”.

Xirabamos arredor de Europa e ela arredor de nós.



0 prazo de inscrición no II Campus Deportivo de Fútbol comeza o 1 de xuño

As actividades desenvolveranse entre os días 2 e 13 de xullo no estadio municipal.

A programación de actividades estivais para os rapaces e rapazas na Guarda comezará na primeira quincena de xullo co II Campus Deportivo de Fútbol, no que poderá participar a mocidade de 5 a 15 anos.

As actividades darán comezo o 2 de xullo no estadio de fútbol municipal e levaranse a cabo de luns a venres entre as 9:30 e as 13:30 horas ata o 13 de xullo. Durante estes días, as mozas e mozos participantes poderán practicar o seu deporte favorito acompañados por monitores titulados. Ademais, poderán participar noutras activi-

dades culturais e lúdicas. O período de inscrición permanecerá aberto do 1 ao 14 de xuño. O prezo de participación por persoa será de 70€, cun desconto de 5€ por cada irmán ou irmá inscrito. Os rapaces e rapazas participantes recibirán dúas camisetas técnicas de agasallo.

As persoas interesadas deberán cumprimentar a folia de inscrición e presentala na OMIX do Concello da Guarda, acompañada dunha fotocopia do DNI

do pai, nai ou titor/a legal e unha copia da tarxeta sanitaria do ou da menor. A inscrición tamén poderá realizarse de forma telemática, descargando o arquivo na páxina web do concello da Guarda e remitíndoo xunto coa documentación requirida ao correo electrónico informacion@aguarda.es.

O II Campus Deportivo de Fútbol é unha actividade organizada polos clubs de fútbol locais Sporting Guardés, Escola de Fútbol Deportivo Alameda, Unión Deportiva A Guía e Unión

Guardesa, en colaboración co Concello da Guarda.



Castro Caldelas quiere promocionar a ruta polas Penas de Matacás

A finais do ano 2017 foi acondicionado un dos tramos que percorre toda a crista das chamadas Penas de Matacás. O Concello de Castro Caldelas, a proposta de Manuel Rolán Díaz, que acondicionou o camino, ten en proxecto abrir unha ruta circular que empezará no embarcadoiro de Paradela á beira esquerda do río Sil e ascenderá ata o miradoiro de Matacás. Tamén está en estudo a apertura dunha gran ruta pola Ribeira Sacra, duns cen quilómetros de lonxitude, que tamén pasaría por esta paraxe.

O miradoiro de Matacás ofrece unhas vistas espectaculares do canón do Sil e as ribeiras de Monforte e Sober. Segundo os veciños de Paradela, o nome débese a que desde estes peñascos arroxábanse antigamente os animais domésticos -cans, ovellas, asnos, cabalos, vacas- cando padecían algunha enfermidade ou cando xa non eran útiles.

A ruta que leva a esta paraxe arrinca de Paradela. A camiñada empeza polo asfalto, xa que en primeiro lugar é preciso percorrer uns trescentos metros pola estrada que leva a Vilarellos ata chegar a unha área de aparcadoiro. Neste punto empeza o carreiro que leva ao miradoiro, situado a uns 150 metros.

Desde o miradoiro divísase un impresionante panorama das



Vista de Paradela e Castro Caldelas, ao fondo.

dúas marxes do Sil. Á esquerda vese a ribeira de Paradela (Castro Caldelas) e á dereita están as ribeiras da Lampaza e Doade (Sober). Na marxe dereita do río Sil está o club náutico de Doade, que serve da base ás populares rutas turísticas de catamarán que xestiona a Deputación lucense. O embarcadoiro áchase en territorio de Monforte, debido á singular delimitación entre este municipio e o de Sober, que posúe na marxe do Sil un enclave rodeado completamente por terras monfortinas. Neste enclave separado do resto do territorio de Sober atópanse as aldeas da Lampaza e Vilar de Mouros.

Á dereita do miradoiro arrinca un carreiro que levar pola crista das Penas de Matacás, un percorrido impactante de pouco máis dun quilómetro de lonxitude. Ao longo deste camiño

hai varios miradoiros naturais con vistas ao canón do Sil e ás ribeiras de Lemos e A Lampaza. No quilómetro 1,7 o camiño chega a unha bifurcación. O ramal da esquerda leva ata unha canteira abandonada que se atopa nun lugar coñecido como Os Vales. Áchase a unha distancia de 1,2 quilómetros do cruzamento e a pista de acceso ten fortes desniveis. Desta antiga canteira extraeuse pedra e lousa que foi utilizada na construción de muros e tellados dunha boa parte das vivendas da zona. Nos pobos de Paradela e A Abeleda (A Teixeira) aínda se poden ver varios tellados construídos con lousa que no seu día foi sacada do lugar de Os Vales. Para acceder a Matacás desde Castro Caldelas hai que baixar a Abeleda e desde Pombar, a man esquerda sóbese a Paradela que está a 2,3 quilómetros.

Presentouse un libro sobre o escultor Antonio Faílde

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, destacou a contribución do escultor ourensán Antonio Faílde á construción da identidade cultural de Galicia. No marco da presentación do libro Antonio Faílde. O escultor que escoitou a música das pedras, o titular do departamento de Cultura da Xunta explicou que o artista foi “unha ponte que entroncou a tradición artesanal galegas coas artes plásticas contemporáneas”, ademais dun innovador e “transgresor dos

cánones creativos”, o que o converteu nun dos mellores escultores do seu tempo.

Román Rodríguez agradeceu o traballo desenvolvido arredor deste libro tanto César Taboada director da Escola de Arte e Superior de Deseño de Ourense (EASD) que leva o nome de Faílde, como por Xavier Limia e Nani Moretón. Ademais, destacou a calidade da EASD, que vén de quedar finalista nos premios da Confederación Estatal de Escuelas de Artes Plásticas y Diseño, e das ensinanzas de artes en xeral en Galicia.



Presentación do libro sobre o escultor ourensán.

Matria bate récords con catro premios no Festival de Cans

O Festival de Cans entregou hoxe, na gala final do seu día grande, os premios correspondentes á súa 15ª edición. A curta Matria, de Álvaro Gago, fixo historia ao converterse na primeira en acadar catro premios en Cans: mellor curtametraxe de ficción, premio do público, premio AISGE á me-

llor interpretación feminina (para Francisca Iglesias) e premio do xurado dos veciños. Estes galardóns súmanse ao xa impresionante percorrido por certames internacionais deste relato dun día na vida de Ramona, unha muller que se refuxia na relación coa súa filla e a súa neta diante do seu duro traballo nunha

conserveira e a falta de comunicación co seu marido. Álvaro Gago repite así éxito en Cans, onde xa gañou o premio a mellor curta por Curricán en 2015.

Entre o resto do palmarés destaca o gran nivel da sección de Animación, de onde dúas das películas levaron premios nas categorías xerais: o premio AGAG a mellor guión (Luis Usón por Afterwork) e o da mellor banda sonora orixinal (Raúl Costafreda por Sea). Así e todo, foi El reloj, de Borja Santomé, a que se alzou co premio a

mellor curtametraxe animada.

Europa, de Hugo Amoedo, abriu o palmarés de FuraCans, a nova categoría competitiva do Festival para filmes de non ficción. Completan o palmarés as Also Sisters (Premio CREA á mellor realización), Eloi Sánchez Palau (Premio AISGE á mellor interpretación masculina por Después de la bandera) e dúas mencións especiais dos xurados: A cat in the window, de Félix Brixel (en ficción) e La mujer invisible, de Noemi Chantada.

0 Museo da Limia inaugurou a súa Biblioteca

O Museo Etnolóxico da Limia inaugurou o día 4 de maio un dos proxectos culturais máis senlleiros que agromou nos últimos anos nas terras limiás. Esta iniciativa ten como obxectivo primordial pór en valor e coñecemento da sociedade a todos e todas os autores e autoras que desenvolven a súa creación no ámbito das humanidades.

Estamos a falar de máis de 50 creadores e creadoras que, dende sempre, fixeron e seguen a facer achegas, no eido da literatura, investigación, ensaio, pintura, escultura, música, audiovisual e fotografía. Amais desta divulgación, no campo das humanidades, a Biblioteca da Limia contará cunha base de datos bibliográfica que alcance todo aquilo que se publicou ou se publique, relacionado con este territorio.

O ámbito territorial é o das Terras bañadas polo río Limia e polos seus afluentes, dende o seu nacemento ata a raia con Portugal: as comarcas da Limia e da Baixa Limia (Concellos: Vilar de Barrio, Xunqueira de Ambía, Sarreaus, Sandiás, Trasmiras, Xinzo, Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, Os Blancos, Baltar, Calvos de Randín, A Porqueira, Muíños, Lobios, Entrego, Lobeira e Bande).

A materialización deste espazo



Acto de inauguración da Biblioteca da Limia.

museográfico, situado dentro do propio Museo da Limia, consiste na exposición ao público das obras publicadas e catálogos expositivos dos autores e autoras, da súa identificación fotográfica e dun soporte telemático no que se poderán consultar as súas biografías, e tamén dunha ampla bibliografía, que ten vocación de universal, de todo aquilo que se ten publicado e se siga publicando, que garde relación co territorio xeográfico da Biblioteca da Limia.

Na actualidade a Biblioteca conta con máis de 200 volumes doados polos autores e autoras ou polas súas familias e dispón de máis de 30 biografías elaboradas a partir da información facilitada por eles e elas ou por persoas ou institucións achegadas.

Á inauguración asistiron o presidente da Real Academia Galega, Víctor Fernández Freixanes, amais do presidente de honra e alcalde de Vilar de Santos, Xan Xosé Jardón Pedras e o presidente do Padroado do Museo Etnolóxico da Limia, Delfín Caseiro Nogueiras, así como coa xunta directiva e consello asesor do Museo. Tamén asistiron os alcaldes e alcaldesas da Limia e da Baixa Limia e o presidente da Deputación.

Animou o acto, coa interpretación de pezas musicais da súa creación, unha das autoras incluídas na biblioteca: Carmen Penim, nacida en Covas (Os Blancos), fundadora da agrupación musical 2naFronteira, autora do libro-CD dedicado á visibilización e memoria das mulleres: Herdeiras.

Casares e Tovar homenaxeados en Vilar de Santos

No Museo da Limia, ubicado en Vilar de Santos, presentouse o compacto "Casares, Valente, Tovar. Ourense, Xenebra, A Limia". No mesmo acto tamén se presentou o libro "Antonio Tovar. Conversas cun vello revoltado". Interviron os alumnos do CEIP, Carlos Cid Arregui, de Rairiz de Veiga; Brais Fernández Fernández, de cuarto de educación primaria; Ahinoa Cabrera Teixeira, de quinto de educación primaria; Laura Fernández Losada, de sexto de educación primaria e Ángel Fernández Rodríguez, de sexto de educación primaria, que leron fragmentos

do libro. Actuou como moderadora a secretaria do Padroado do Museo da Limia, Sabela Rodríguez Jardón. O presidente do Padroado do Museo da Limia e introductor do compacto, Delfín Caseiro, falou sobre o libro e o audio. O autor do volume e do compart, Xosé Manuel del Caño, falou sobre o poeta e reclamou que a Real Academia Galega lle dedique a Antonio Tovar o Día das Letras Galegas 2019. Pechou o acto o cantautor valdeorrés Anxo Rei, coa interpretación de cancións do disco "A rabela da pluma (versos de Antón Tovar)", editado no ano 2006.



Antón Tovar.



Actividades do Museo Etnolóxico de Ribadavia polo Día dos Museos

O tema do Día Internacional dos Museos do 2018 é "Museos hiperconectados: Enfoques novos, públicos novos". O obxectivo do Día Internacional dos Museos é sensibilizar ao público sobre o feito de que "Os museos son un medio importante para os intercambios culturais, o enriquecemento de culturas, o avance do entendemento mutuo, a cooperación e a paz entre os pobos".

Para conmemorar esta data o Museo Etnolóxico de Ribadavia reúne unha serie de actividades durante todo o mes de maio e parte de xuño, establecendo unha hiperconexión coa música tradicional, co patrimonio natural, co patrimonio etnográfico e co patrimonio histórico-artístico con obradoiros, concerto, visita teatralizada e visitas a museos e sitios arqueolóxicos.

Así o venres 18 de maio ce-

lebraron un concerto de Cantaralá no patio do Museo e unha Noite Branca, visita teatralizada ao Museo Etnolóxico, e o sábado 19 visitas á Casa Museo do Chocolate de Teimende, ao Museo Taller de Olería de Niñodagua e ao Mosteiro de San Pedro de Rocas.

Neste mes de xuño teñen organizado para o sábado día 9 visitas ao Ecomuseo de Arxeriz, á Igrexa de Santa María de Pes-

queiras e ao Centro do Viño da Ribeira Sacra e o sábado 23 visitas ao Museo da Limia, ao Museo Galego do Entroido, ao Castro de Armeá e a Santa Mariña de Augas Santas.

A viaxe en autobús con saída e chegada a Ribadavia e cunha parada en Ourense é de balde. Non se inclúen os gastos per-

soais e, de ser o caso, as entradas aos centros que se van visitar. Os amigos do Museo Etnolóxico teñen entrada gratuíta en todos os centros que se van visitar. As prazas das visitas son limitadas. Para máis información e para inscribirse: 988 788 720, mu.etnoloxico.ribadavia@xunta.gal

Galicia



Premios Peña Novo 2018

O día 23 de maio xúntarose na Pousada de Soutomaior os membros do xurado da XXIV edición dos Premios Peña Novo, D^a. Sandra Piñeiro Vilas, Maxistrada -premiada edición anterior- que actuou como Presidenta; D^a. Verónica Martínez Barbero, Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais; D. Carlos Amoedo Souto, Catedrático de Dereito Administrativo da UdC; D^a. María Dolores Luz Peláez Rivero, Arquitecta que actuaron como vogais e D^a. Carme Pérez Vaquero, secretaria da Fundación Lois Peña como secretaria do xurado, logo de deliberaren sobre as propostas presentadas acordan conceder os premios desta edición a:

D^a. María Xosé Queizán Vila, como recoñecemento a unha traxectoria vital de compromiso coa lingua e a cultura galegas desde os anos 50 ata hoxe nas múltiples vertentes da súa vida e obra: ensino, narrativa, ensaio, poesía, tradución, teatro, que a cualifican como unha polígrafa da cultura galega. Constante defensora do papel da muller na sociedade, está considerada como unha figura relevante no movemento feminista español sendo unha das mentes máis preclaras do feminismo galego, reivindicando un feminismo único, racionalista e defensor dos valores da liberdade e da igualdade. Suliña o xurado que a figura e pensamento de María Xosé Queizán ten impregnado a distintas xeracións de mulleres no que hoxe se denomina empoderamento feminino, facéndoo sempre desde a defensa permanente dos nosos sinais de identidade.

D. Manuel González González, polo seu traballo de investigación científica e

constantes achegas á riqueza do noso idioma a través das múltiples e prestixiosas institucións das que forma parte: Instituto da Lingua Galega, Centro de Investigacións científicas Ramón Piñeiro, Real Academia Galega e outras entidades académicas de ámbito europeo e internacional. Salienta o xurado o seu esforzo por dotar á lingua galega de recoñecemento internacional e pola visibilización de Galicia no mundo a través do dominio .gal, así como o seu esforzo na creación dun corpus lingüístico que achegara a palabra axeitada á cidadanía en distintos ámbitos de uso do galego, recompilando en diferentes dicionarios palabras de uso cotiá en sectores da sociedade ata entón desgaleguizados.

D. Xesús Costas Abreu, polo seu compromiso coa defensa da lingua galega no ámbito da administración local na que desenvolve o seu traballo como asesor xurídico do concello de Vigo. Pola súa implicación na fixación dunha linguaxe xurídica e na promoción da lingua no eido administrativo que o levaron a participar, desde os anos 80, como ponente en cursos de linguaxe administrativa, á creación de manuais de documentación para uso dos funcionarios e funcionarias ou a formar parte da sección de Lingua no Consello da Cultura Galega e colaborar dunha maneira activa en iniciativas a prol da normalización lingüística. Salienta o xurado a súa activa defensa dunha xustiza en galego que o levou a formar parte da Irmandade Xurídica Galega desde hai anos.

O acto de entrega dos premios celebrábase o próximo día 28 de xuño ás 20:00 horas no castelo de Soutomaior.

■ Por Xulia Boo Miguéns. Lousame.

Entrevista a Ramón Campos, guionista e produtor audiovisual

"En 'Fariña' máis que unha trama policial buscaba facer un retrato dun momento da historia de Galicia"

Ramón Campos (Noia, 1975), guionista e produtor audiovisual, creou en 2007, xunto coa súa muller Teresa Fernández Valdés, a empresa de Bambú Producciones. Recoñecido pola creación de series de éxito como Velvet colección, Traición, Las

chicas del cable ou a máis recente Fariña, conversamos con el a propósito precisamente desta última, que acaba de pechar a súa primeira temporada en Antena 3 TV con récord de audiencia a nivel nacional e, por suposto, galego.

Dende Guante Blanco, Bambú Producciones non volveu realizar un proxecto baseado na trama policial; por que motivo se animaron a crear a serie Fariña?

En realidade si que fixemos outra serie policial, "Bajo Sospecha", coa que pretendiamos retomar o camiño que fixeramos na nosa primeira serie a nivel nacional: "Desparecida". Dende o primeiro guión que vendera na miña vida, "Entre Bateas", levaba tempo tentando facer unha nova serie sobre o narcotráfico en Galicia. Foi no momento que lemos o libro de Nacho Carretero cando atopamos a forma de que unha cadea, A3, aceptase. De calquera xeito, en "Fariña" non buscaba tanto contar unha trama policial como facer un retrato dun momento da historia de Galicia do que case non se sabía nada a nivel nacional ou internacional.

Á parte do libro de Nacho Carretero, documentouse dalgunha outra maneira? Se é así, cal?

Nacho Carretero traballou con nós man a man no desenvolvemento dos guións. Ademais el deunos acceso a coñecer a algúns dos protagonistas reais da historia: o fiscal Zaragoza, algúns narcos... pero sobre todo a principal fonte de documentación foi o seu libro, porque era un traballo moi exhaustivo e nas súas páxinas estaba todo.

Na serie observamos con

gran nitidez todo o mundo do narcotráfico, pero non se reflicten moito as consecuencias da chegada da droga a Galicia, sobre todo na xuventude. O impacto social foi tremendo, xeracións de mozos e mozas, así como as súas familias, víronse afectadas por esta lacra. Non se debería ter incidido un pouco máis neste aspecto? Non teme que a serie converta aos narcos en heroes sociais?

Unha serie de televisión é como unha novela, hai que valorala en conxunto.. As consecuencias do que en principio a sociedade galega aceptou como normal aparecen. Por outra parte, penso que a ningún lle gustaría rematar como remataron a maioría dos que aparecen na serie: ou no cárcere ou no cemiterio.

Por que o personaxe de Sito Miñanco cobrou máis relevancia na serie ca outros narcotraficantes da época?

Porque Sito resumía para nós a viaxe de ascenso e caída. Un rapaz ambicioso, intelixente, que quere medrar e que non sabe frear a tempo e remata caendo no lado escuro. Como personaxe, a nivel narrativo, é posiblemente o que fai a viaxe mais clara e tamén porque foi posiblemente o narcotraficante mais lexendario que deu Galicia.

Recentemente, en Cádiz a policía tentou deter a un narco e 200 persoas evitá-

rono interpoñéndose para protexelo, feito moi similar ao que pasaba na época de Pablo Escobar en Medellín; na serie, Sito Miñanco tamén é querido polo pobo, polo que observamos tres reaccións similares da sociedade en tres épocas distintas. Que opina acerca disto?

A verdade é que hai que entender as situacións no seu contexto histórico e social. Todo é consecuencia duns feitos. Sito Miñanco soubo gañarse ó pobo nun momento no que todos pensaban que so traficaba co tabaco e iso en Galicia era algo aceptado pola sociedade. As persoas que evitaron a detención do narco en Cádiz traballaban con el... por non falar de Pablo Escobar, que tiña comprado a un país enteiro.

En diversos medios publicouse que na última detención de Sito Miñanco se encontrara na súa casa un guión dividido en capítulos da serie Fariña. Colaborou, tal vez, no guión? Que hai de certo nisto?

Sabemos que é certo, aínda que non temos nin idea de como se fixo cos guións da serie. Non colaboramos con el pero sabemos que dixo que a serie parecíalle entretida aínda que había cousas coas que non estaba de acordo.

Malia que Fariña se emitiu por unha cadea nacional, sendo unha serie tan galega, non sería natural que os galegos puideramos gozar dela



na nosa lingua e que para o resto de España estivese traducida ou subtitulada? Consideraron, quizais, que de facelo así a verían menos espectadores ou houbo outros motivos?

É unha utopía pensar en facer unha serie en galego para unha cadea de ámbito nacional. Iso unicamente iría en detrimento da serie e da repercusión. É igual que pedir que en "Gladiator" falasen en latín por unha cuestión de verosimilitude. Seguramente de telo feito así, non estaríamos falando da repercusión de "Fariña".

Cada capítulo leva como título un ano da década dos oitenta. En que se quixo incidir utilizando estes títulos?

En cada capítulo tratamos o que aconteceu neses intreos en Galicia. Por iso decidimos dividir así a historia. A primeira temporada vai dende finais dos 70 ata primeiros dos 90. **Como viviu a grande acollida que tivo a rodaxe entre a poboación da súa vila natal e da comarca?**

Para min é un orgullo e unha débeda que tiña con Noia poder ir a gravar algo alí. Co exalcalde de Noia falara moitas veces da posibilidade de gravar na nosa vila e con

"Fariña" atopei a ocasión perfecta. A verdade é que non puido ser unha decisión máis acertada, porque atopamos todo o apoio tanto do pobo como das autoridades.

A maioría das súas producións teñen un alto índice de audiencia e Fariña non é menos; cal é o segredo do éxito?

Sempre tentamos analizar o público da canle, o tipo de serie... pero no caso de "Fariña" tivemos moita sorte porque grazas á detención de Sito Miñanco e do secuestro do libro a historia pasou a primeira liña informativa e esa foi a mellor promoción que puidemos ter. Non existe un secreto para o éxito, só facer as cousas da mellor forma posible.

Xa para rematar, con que nos sorprenderá Bambú despois de "Fariña"? Que novos proxectos afrontarán?

Agora mesmo estamos traballando na terceira tempada de "Las chicas del cable en Netflix"; na segunda de "Velvet Colección" en Movistar; en "45 revoluciones" para A3; na serie documental "El crimen de Alcasser", para Netflix; e noutros proxectos dos que non podemos falar pero que non tardarán en facerse públicos.

2.701 adhesións á petición da Medalla Castelao para Xesús Mato

Aínda que se deu por pechada a recollida de adhesións á petición da Medalla Castelao para Xesús Mato, estes últimos días seguiron recibíndose adhesións, en número de 163, totalizando neste momento 2.701 as recibidas, que o Concello de Paradela fará chegar á Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

Destas adhesións, 239 corresponden a Institucións, asociacións ou empresas, sendo as últimas recibidas de Cáritas Parroquial de Guitiriz, Asociación Cultural Val de Lánacara, Asociación de Veciños de San Cosme de Nete (Vilalba), Ceip Rosalía de Castro de Lugo, e os concellos de Viveiro e Pedrafita do Cebreiro.

Xesús Mato Mato, crego, musicólogo e escritor, naceu

en 1932 en Paradela (Lugo), agora ten 85 anos e reside en Portomarín.

Na súa primeira parroquia, Lalín, foi profesor de filosofía, música e relixión; fundou e dirixiu a Polifónica de Lalín, creou e dirixiu Radio Popular de Lalín, impulsando a construción de vivendas para xente humilde.

En Lugo foi redactor e asesor religioso de Radio Popular, Director espiritual e asesor do Colexio Menor Feminino do Bispado, e Delegado de Medios de Comunicación da Diocese, ata que en 1983 elixiu servir media ducia de parroquias nas montañas do Cebreiro durante un cuarto de século.

Creou e foi o primeiro Coordinador de Auxilia-Lugo para a promoción dos minusválidos. Fusionando dous coros xuvenís que dirixía fixo nacer Fuxan os

Ventos (canción con letra e música de Mato), que chegou ao máis alto da música galega. Creou "Galicia canta ó Neno" que rescatou a canción e música tradicional do Nadal en Galicia e espallouna por todo o país. Dirixiu o Orfeón Lucense, coro da Catedral de Lugo.

Desde 1970 colabora en diversos medios, participa en tertulias e pronunciou centos de conferencias. Ten recollido milleiros de cantos populares galegos, efectuou numerosos arreglos e transcripcións musicais, escribiu letras e compuxo músicas como a canción "Mencer".

Polo seu traballo e servizo aos demais foi "Lucense do ano" (1991), Premio Moncho Valcarce (1998), Premio de Cultura Tradicional María Castaña ou Premio de Xornalismo Belén de Begonte (2009). O Concello



de Paradela, por unanimidade, en 2005. En 2009, cen dos seus

amigos dedicáronlle o libro-homenaxe "Mato sono ío..." (Eu son o tolo).

O director da Banda de Música de Sober actuou coa Orquestra Sinfónica de RTVE

O director da Banda de Música de Sober e tubista, Miguel Franqueiro Becerra, foi o tuba solista da Orquestra Sinfónica RTVE no seu programa da última semana de maio. En concreto, interpretou 'Leningrado', a Sinfonía nº7 de Dimitri Shostakovich.



Miguel Franqueiro Becerra.

A actuación foi no Teatro Auditorio San Lorenzo de El Escorial baixo a dirección de Eliahu Inbal. Franqueiro Becerra interpretou un papel que entraña unha especial dificultade e no que tivo un destacado protagonismo. O músico, natural de Boqueixón, estivo todo o mes de abril en Torino, onde interpretou a Verdi coa Orquestra del Teatro Regio na ópera 'I Lombardi alla prima crociata'. "Ser parte da complexa maquinaria que compón unha ópera deste nivel foi unha experiencia moi gratificante". Franqueiro tocou cunha das orquestras 'Top' italianas, unha das formacións de referencia da ópera a nivel mundial. En total participou en sete funcións ao longo do mes de abril. O tuba é director da Banda de

Música de Sober desde hai 12 anos. Desde 2015 colabora na totalidade da programación da Real Filharmonía de Galicia e da Hulencourt Soloists Chamber Orchestra (Bruxelas) ademais de colaborar frecuentemente con outras orquestras, tanto en España como fóra.

O goberno local do Concello de Sober valora a participación do músico nestas orquestras o que, sen dúbida, reforza a nosa Banda de Música e a súa proxección. O alcalde, Luis Fernández Guitián, asegura que "con Franqueiro tocando en Madrid e en Torino o nome de Sober chega a eses lugares nos que a música ten un nome propio, ao tempo que estas experiencias acaban revertendo nos alumnos da nosa Escola de Municipal de Música".

A saxofonista Sara Méndez recibe premio en Londres

O goberno municipal de Sober felicita a Sara Méndez, natural de Proendos, quen vén de gañar o concurso de música contemporánea do Royal College of Music de Londres. Na actualidade a soberina, integrante da Banda de Música local, está a cursar un máster en Performance no conservatorio do Royal College of Music, becada polos Big Give Awards. O seu mestre é Martin Robertson. Sara Méndez recoñece que se trata dunha satisfacción persoal recibir este recoñecemento no conservatorio londinense. "Sempre é unha motivación que se recoñeza o traballo que facemos", engade. O alcalde, Luis Fernández Guitián, agradece poder contar na Banda de Música local cunha integrante da



A saxofonista Sara Méndez.

súa talla musical, "unha saxofonista extraordinaria que xa ten ofrecido concertos en Sober e que leva o nome do Concello polo mundo adiante", resume. Méndez, nacida en 1993, cursou estudos superiores na Aula Internacional de Saxofón do Conservatorio das Illas Baleares, un dos centros máis pres-

tixiosos desta disciplina. En Palma estudou con Rodrigo Vila e David Brutti. En 2014, coas Xuventudes Musicais de Sober, ofreceu un emotivo concerto na Igrexa de Proendos. Na actualidade cursa un máster de performance no Royal College of Music e fixo o recital de fin de máster o día 28 de maio pasado.

Oca Hotels e Viveiro promocionan a pescada de Celeiro en Galicia e Asturias

As Xornadas da Pescada de Celeiro celebráronse no hotel Oca Porta do Camiño de Santiago. O acto de presentación foi presidido pola alcaldesa do Concello de Viveiro, María Loureiro, e polo director xeral da cadea Oca Hotels, Ramón Braña.

Esta iniciativa que partiu da Concellería de Turismo do Concello de Viveiro, xunto coa colaboración do grupo Oca Hotels, ten como obxectivo promocionar o produto estrela do seu porto. Durante as xornadas gastronómicas degustouse unha ampla carta de pratos destacando o pastel de pescada e espárragos,

as gyozas de pescada e lagostinos e a pescada rechea con grelos e pistachos, entre outras exquisiteces. Os prezos foron de 12 euros en Berenguela, unha carta de cinco pratos no Golden Goose Gastro Bar, e a opción de pintxo e viño por catro euros na cafetería do hotel.

As xornadas gastronómicas teñen o obxectivo de dar a coñecer a pescada de Celeiro e outros produtos galegos como o viño de Ribeira Sacra Vía Romana Godello, un dos mellores acompañantes para este rico peixe. Pero, sen dúbida, a protagonista foi a pescada do petisco recoñecida coa certifica-

ción Galicia Calidade.

O grupo Oca Hotels tamén levará a pescada do Celeiro a Asturias. As xornadas celebráronse de forma simultánea no hotel Oca Palacio da Lloreja situado en Xixón. Potenciando así os recursos e produtos das diferentes zonas nas que o grupo hostaleiro está presente.

O Porto de Celeiro, situado na localidade lucense de Viveiro, converteuse nun dos desembarcaderos de pescada máis importantes de Europa, o 80% das súas descargas corresponden a este tipo de peixe. Estas cifras a escala europea supoñen o 30% de toda a ca-



As xornadas celebráronse en Santiago de Compostela.

pacidade pesqueira de pescada en augas europeas.

A pescada do petisco -ou palangre- de Celeiro, péscase

de forma artesanal en augas do Gran Sol, mantendo os seus escamas e garantindo o brillo prateado que lle diferencia.

A escritora Celia Díaz foi nomeada Filla Adoptiva de Quiroga

A escritora Celia Díaz Núñez foi nomeada Filla Adoptiva de Quiroga nun acto celebrado no Concello o Día das Letras Galegas. Aínda que naceu no Páramo trasladouse de pequena a vivir a Quiroga, terra da súa nai. É licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa e Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago e tamén diplomada en Maxisterio. Actualmente reside en Ourense onde exerce como docente de lingua e literatura galega no ensino secundario.

No acto destacou a súa traxectoria literaria, na que ten cultivado teatro, ensaio e novela, ademais de ser autora de libros de texto en galego. Conta con varios premios literarios e, pola súa relación con Quiroga, moitas das súas obras están ambientadas neste municipio do sur lucense: "Rugando" (narrativa, 2012), "A boca do monte" (narrativa, 2016), "Voces da Terra. Quiroga e os seus escritores"



O alcalde de Quiroga, Julio Álvarez, coa homenaxeada.

(ensaio, 1995).

Tras o acto actuou o grupo de gaitas "O Recanto", que tamén fixo un pasarrúas precedendo ós asistentes ao acto (entre eles o alcalde de Quiroga Julio Álvarez, concelleiros e a homenaxeada) ata a Casa da Cultura, onde remataba a celebración.

Na mesma xornada entregáronse os premios ós gañadores do Certame de Narración e Debuxo Letras Galegas 2018, na súa fase local convocada pola Biblioteca Nodal de Lugo

coa colaboración da Concellería de Cultura. Na categoría A de narración resultaban galardoados Alejandro Beteta González, Miguel Sánchez Franco e Noelia Aira Soto. Na categoría B, tamén da modalidade narración, os ganadores foron Eis Durán Iglesias, Celia López Quintela e Estela Freireiro Rodríguez. Finalmente, na categoría B modalidade debuxo, resultaron recoñecidos os traballos de Natalia Álvarez Díaz, Susana Sánchez Suárez e Irene Rodríguez Vázquez.

A Asociación Sil Bibeí Navea visitou o Val do Jerte

Representantes da Asociación para o Desenvolvemento Rural (GDR 8) Sil-Bibeí-Navea realizaron unha viaxe ao norte de Cáceres para coñecer as experiencias de cooperativismo que están marcha no Val do Jerte en sectores da castaña, frambuesa, cereixa e os arandos. A viaxe comezou o 21 de maio en Plasencia, onde pola tarde asistiron a unha charla impartida por María Ramos García, investigadora do Centro de Agricultura Ecolóxica e de Montaña (CAEM). Ao día seguinte visitaron pola mañá unha explotación de cereixas en Cabrero da man de Pablo Bañuls e Marco Antonio Manzano, investigadores do CAEM, e pola tarde coñeceron a agrupación de cooperativas do Val do Jerte (Valdastillas) e escoitaron unha charla de

Francisco Alcaín (xefe de produción da agrupación) sobre o funcionamento cooperativo e a xestión de cooperativas de segundo grao, ademais de ver as instalacións de procesado e confección de froita (castaña, figo, frambuesa, liña de calibración e etiquetado...).

O 23 de maio adicáronse a percorrer unha finca de produción de frambuesas e doutros froitais e a ver o campo de ensaio de variedades de frambuesas en Yuste, ademais dunha explotación de castiñeiros en Jaraíz de la Vera. A viaxe concluíu o día 24 de maio cunha visita a unha finca de arandos e de ensaios de variedades no arando en O Torno, dirixida por José Izquierdo, produtor destes froitos e técnico de berries da ACV.



Representantes da Asociación de Desenvolvemento Rural.

Escolares ourensáns homenaxearon a Pura Vázquez no Carballiño

Trescentos escolares de educación primaria de sete centros de ensino de Ourense renderonlle tributo en O Carballiño a Pura Vázquez no centenario do seu nacemento, organizado pola Fundación Ínsua dos Poetas e Política Lingüística. O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, quen lles pediu aos rapaces e rapazas alí congregados que “a homenaxe a Pura Vázquez non sexa cousa dun día, senón que, como a ela lle gustaría, faledes e escribades en galego para que o esforzo que fixo por publicar nesta lingua dea froitos en vós”.

Os nenos e nenas dos CEIP Manuel Luís Acuña (Ourense), Virxe de Guadalupe (Avión), Emilia Pardo Bazán (Leiro), Saco e Arce (Toén), Virxe de Covadonga (Ourense) e Inmaculada (Ourense), liderados polos do CEIP Manuel Sueiro (Ourense) participaron activamente nesta homenaxe. Ao recitado dos poemas Amante e O caracol ou á dramatización conxunta do texto Visitas ao bosco uni-



A Insua dos Poetas é un parque situado en Esgueva (Madarnás, O Carballiño), a carón do río Pedriña.

ron a lectura dunha poesía agasallo do CEIP Manuel Luís Acuña e a celebración do obradoiro Construimos poemas con Pura Vázquez, na que os nenos e nenas pasaron de ser receptores a ser creadores de literatura. As actividades da xornada completáronse cun concerto no monumento homenaxe a Pura Vázquez en que o grupo A Roda interpretou textos musicados da escritora.

Pura Vázquez Iglesias

Carmen Pura Vázquez Iglesias (Ourense, 1918-2006) foi mestra, pioneira da literatura in-

fantil galega e a primeira muller en publicar na lingua propia de Galicia tras a guerra civil. A súa obra abrangue un total de 45 títulos de poesía, narrativa e teatro, centrados no público máis novo. Académica correspondente da Real Academia Galega desde 1949, recibiu en vida numerosos recoñecementos, entre os que se poden destacar o Premio Traslaba (1996), o Premio das Letras e das Artes de Galicia (2002) ou o nomeamento como socia de honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega (2005).

O coleccionismo e decoración impuxéronse en Antiq Auria

Acalidade, variedade e orixinalidade dos milleiros de artigos que ofreceron os 53 expositores nesta primeira edición da Feira Internacional de Antigüidades, Antiq Auria, atraeron 2.500 visitas durante a fin de semana. Antiq Auria foi unha feira orientada tanto aos profesionais do sector das antigüidades como ao público xeral que recibiu a visita da familia que buscaba un obxecto único e diferente para o seu fogar ata de empresarios que empregan este tipo de artigos para ambientar os seus locais e negocios.

Coa participación de expositores procedentes de todos os puntos de España e Portugal e tamén de expositores arxentinos, franceses e suízos, Antiq Auria foi punto de encontro de nostálgicos presentando multitude de obxectos cheos de historia divididos en tres áreas: antigüidades, coleccionismo e vintage. Ademais de punto de venta, Antiq Auria serviu tamén para que os visitantes tiveran a posibilidade de taxar ou vender aquelas obxectos antigos que teñen nos seus fogares.

Antiq Auria é un proxecto conxunto entre Expourense e a

Asociación “Memoria Antiga”, fundada por dous anticuarios da cidade de Ourense, José Antonio Ferreiro de Antigüedades Urbano e Gerardo Román de Antigüedades La Quinta. O obxectivo que os levou a lanzarse a organizar esta primeira edición foi o de organizar unha feira “seria e de calidade” que axude a consolidar á provincia de Ourense como o gran referente das antigüidades en Galicia e un dos máis importantes a nivel estatal, con gran tradición entre a cidadanía.

Remata así a primeira edición dunha cita que se agarda se



Responsables de Expourense e Memoria Antiga.

consolide no calendario feiral de Expourense. Entre os eventos que está a organizar a Fundación para o vindeiro mes destaca a celebración do Global Wellness Day (9 de xuño), a XII Xornada de Divulgación das Enerxías Renovables e Eficiencia Ener-

información agraria. Mercados agrícolas, a incidencia da Política Agraria Común no sector, os problemas do campo, consellos útiles... son algúns dos seus contidos habituais. Ademais, Lumbreras colaborou con distintos medios como El País, ABC ou, actualmente, La Razón.

Sucede deste xeito a Sarah Jane Evans, Master of Wine, xornalista e escritora británica premiada en 2017; a Cristino Álvarez, gañador en 2016; aos restaurantes e cociñeiros galegos con Estrella Michelin, distinguidos en 2015; e ao sumiller Josep Roca (El Celler de Can Roca), quen se achegou ao Ribeiro a recoller o “Persoeiro de Honra” no 2014.

Ademais na Gala da D.O. Ribeiro vanse entregar galardóns nas categorías: “Mellor tarefa de comunicación”; “Muller e Viño”; “Vida entre Vides”; “Mellor viño branco de adega”; “Mellor viño branco de colleiteiro”; “Mellor viño tinto”; “Mellor servizo de viño en restaurante”; “tenda especializada – viñoteca” e “Mellor taberna - bar de viños”.

César Lumbreras "Persoeiro de Honra 2018" da D.O.Ribeiro

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro celebrará a sétima edición da súa Gala de Premios o martes 26 de xuño polo serán, nos claustros do Mosteiro de San Clodio (Leiro, Ourense).

O xornalista César Lumbreras recollerá o premio “Persoeiro de Honra” da D.O. Ribeiro, pola súa longa andaina de compromiso co mundo agrario e de difusión da excelencia dos seus produtos.

O evento servirá para gozar dos viños da Denominación máis antiga de Galicia e nel estarán os profesionais que os levan adiante e que os divulgan: adegas, colleiteiros, distribuidores, almacenistas, medios de comunicación, prescritores... Esta festa da viticultura conta co atractivo adicional de celebrarse no emblemático Mosteiro de San Clodio, berce da viticultura galega e das súas variedades autóctonas.

César Lumbreras dirixe e presenta desde 1984 o programa Agropopular de COPE, espazo semanal senlleiro de

Entre Ríos celebrará en xullo a primeira Festa do río Asneiro

A Contorna Natural Biosaudable de “Entre Ríos”, unha idílica paraxe de singular beleza acondicionado polo Museo Casa do Patrón, sito nun meandro do río Asneiro á altura do lugar dos Muíños, a cabalo entre as parroquias de Doade e Vilanova (Lalín), constitúe o nexo de unión e comunicación histórico entre os lugares de Os Muíños (Vilanova) e Codeseda (Doade).

Este fermoso lugar do curso medio do Asneiro, un río de 22 quilómetros de percorrido, que transcorre desde A Pena de Francia (Dozón), ata parroquia lalinense de Cristimil, na que

desemboca tributando as súas augas ó pai Deza, foi o elixido polos veciños das parroquias limítrofes para celebrar a “I Festa do Río Asneiro”, o vindeiro día 15 de xullo do 2018.

A festa está organizado pola Asociación de Veciños de San Xoán de Vilanova, a Asociación de Mulleres en Igualdade de Vilanova, a Asociación de Veciños dos Muíños, a Asociación de Veciños “O Croio” de Doade e a Asociación de Amigos do Museo Casa do Patrón. A organización conta coa colaboración especial de Orixe Comunicación e a celebración está dirixida ó público en xeral, sendo de libre participación para todo o mun-

do. Consistirá nunha comida de confraternidade ó aire libre, ó acubillo das refrescantes sombras das árbores de Ribas do Asneiro, baixo toldo ou carpa, segundo o aconsellen as condicións meteorolóxicas; a prezos populares, seguida de variadas actuacións musicais durante toda a tarde-noite. Actuarán Marcos Pardo, recanteiro do Luar; Carlos Pérez, poeta, músico, compositor e cantante; as Cantareiras de Queixumes dos Pinos e as Cantareiras dos Trasnós de Doade.

Trátase dunha oportunidade de sentar un precedente para que estas dúas parroquias limítrofes, que sempre gozaron dunha excelente e cordial veciñanza, continúen celebrando e aggrandando este acontecemento nos vindeiros anos, garantindo a súa continuidade no tempo e tamén de que este traballo colectivo as anime a canalizar e desenvolver en común todo tipo de actividades sociais e culturais, a través das arraigadas asociacións existentes en ambas parroquias.

A organización fai un cha-



Contorna natural Entre Ríos.

mamento á asistencia masiva dos veciños, tanto dos lugares e parroquias que representan e dos seus familiares e amigos, como de toda a xente de Lalín, da Comarca de Deza e de toda Galicia. Avelino Jácome confirma que este singular festexo, pioneiro na nosa contorna, é apropiado para os que desexen vivir un día diferente, ameno e divertido, en plena época estival, gozando da auténtica natureza, da formidable riqueza paisaxística e medioambiental da zona, da gastronomía máis típica da Galicia interior e da indubidable calidade do elenco de artistas invitados que nos deleitarán coas súas actuacións vespertinas”.

Castro de Doade

Por outra banda, deron co- mezo os traballos de escavación

no Castro de Doade. Impulsados por O Museo Casa do Patrón. A intervención estenderase ata mediados de xuño; faranse o tapado e consolidación das estruturas localizadas, incluíndo a clasificación das pezas que se atopen nas devanditas escavacións, que quedaran depositadas nas salas habilitadas dentro do propio museo.

Nos traballos participan cinco arqueólogos e outros tantos becarios da Universidade de Santiago de Compostela (USC), así como un equipo de técnicos restauradores. Estase intentando atopar a porta de entrada a fortificación e un segundo foso máis alonxado da muralla e novas vivendas, para poder obter de este xeito mais información do valado interno antes da muralla.



O lugar de Santomé.

A Xunta encarga un estudo sobre a capacidade hidrotermal das Burgas de Ourense

O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardino Tahoces, asistiu en Ourense á presentación dos traballos que a empresa Geocisa levará a cabo para coñecer a capacidade hidrotermal das Burgas. O director xeral destacou que aínda que as propiedades e beneficios das augas termais son de sobra coñecidas, ata a data non se fixera unha cuantificación do caudal para determinar o aproveitamento racional deste recurso, obxectivo dos traba-

llos que se van realizar.

En concreto, tras a análise documental, realizaranse traballos en superficie de recoñecemento xeolóxico e hidro- lóxico que permitirán actualizar o inventario de puntos de auga subterránea; así como unha monitorización automatizada para medir en continuo o caudal, a temperatura, a condutividade ou o nivel de auga termal, así como as análises de datos correspondentes para avaliar os resultados.

Ademais, os resultados deste

estudo poderán ser utilizados para seguir avanzando no proxecto pioneiro do Ecobarrio de Ourense, unha iniciativa que pretende aproveitar unha das principais cualidades da capital termal de Galicia, a xeotermia, e que prevé establecer a primeira rede de Europa de xeotermia a través dun proxecto que conta cun orzamento de 8,3 millóns de euros. Grazas a esta fonte de enerxía poderase abastecer de calefacción e auga quente a medio centenar de edificios da contorna.




Fonte principal das Burgas de Ourense.

Con esta actuación, a Xunta ratifica o seu compromiso tanto coa protección das augas termais, como co impulso e apro-


veitamento dos recursos autóctonos para fomentar o seu uso racional, camiñando cara unha economía verde.

Humor

Por Francisco Puñal Suárez



Non ao matrimonio infantil



Desigualdade na educación



Eles xogan, os civís perden

Anne Derenne, unha debuxante francesa en Madrid

A economía e o debuxo son as dúas paixóns de Anne Derenne (Tarascon, Francia, 1983), quen asina as súas obras como Adene, e que ten como temas favoritos a ecología, os dereitos humanos, a defensa da muller e a geopolítica. Os seus caricaturas, publicadas en diversas revistas, e tamén en internet, participaron en exposicións de numerosos países, e gañaron varios premios.



Cega Europa



Prensa en perigo



Medio ambiente



Un mundo de homes



Trump na Casa Branca

Novo libro sobre Xaquín Marín, de Félix Caballero

No seu novo libro "X. Marín, Arte e Compromiso no Humor Gráfico Galego", o escritor e investigador Félix Caballero, analiza de xeito exhaustivo e documentado a obra pictórica deste artista emblemático da cultura de Galicia.

Publicado pola Editorial Galaxia, de Vigo, este volume de 240 páxinas, inclúe numerosas ilustracións de Marín, e unha descrición pormenorizada da súa traxectoria como artista plástico.

O Farelo ofrece aos seus lectores un fragmento da introdución, deste inmenso libro de Félix Caballero.

INTRODUCCIÓN

Xaquín Marín é o humorista gráfico galego máis relevante desde Castelao, porque ninguén coma el innovou tanto nin construíu unha crónica da Galicia do seu tempo tan lúcida e fiel, alén da actualidade informativa, construíndo unha obra tan persoal como galega e tan galega como universal, coma xa fixera sesenta anos antes o autor das Cousas da vida. Esta é a conclusión fundamental deste libro e mais da tese de doutoramento da que está tirado, Xaquín Marín, innovación e tradición no humor gráfico galego, que defendín o 23 de outubro de 2015 na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo, logo de tres anos de traballo e investigación baixo a dirección da profesora doutora Mercedes Román Portas. Para a realización da tese revisáronse preto de 1.500 ilustracións do autor, contidas nos seus libros antolóxicos Alcacén para gaitas (1980), Feito a man (1997), Trinta e tantos con Xaquín Marín (2001) e O humor desde Ferrol (2009), e mais no cederrón que acompaña a penúltima.

O humor gráfico galego é unha das principais achegas de Galicia á cultura universal, mais non ten sido suficientemente estudado, particularmente de 1970 en diante, o período de actividade de Xaquín Marín. Coa miña de doutoramento quería contribuír a encher en parte este baleiro. Escollín a Marín como obxecto de estudo, alén de polas miñas preferencias persoais, porque

é un dos puntais do rexurdimiento que experimentou o xénero nas últimas décadas do século XX, canda Siro e Quesada, e porque na súa obra mestúranse como en poucas a arte e mais o compromiso persoal, como di o título do libro.

1. Un artista plástico total

Marín non é só un debuxante de humor: é un artista plástico total, cunha extraordinaria ca-

tras o seu encontro en Madrid co pintor coruñés Reimundo Patiño, quen daquela andaba experimentando con esta nova arte. Marín é un dos pioneiros do cómic: de feito, foi o autor da primeira historieta publicada na prensa galega despois da Guerra Civil ("O emigrante", 1971, na revista Chan) e coautor do primeiro álbum galego de banda deseñada (2 viaxes, 1975, con Patiño). Pero publicar historieta na España da época non era doado, polo que desembocou no humor gráfico, para o que desde sempre amosou unha inclinación natural.

Como humorista gráfico ten colaborado en máis dunha trintena de publicacións, a maioría galegas (El Ideal Gallego, La

magador e asinou catro portadas; El Ideal Gallego (1974-1988), onde deu vida a Gaspariño e Lixandre; Teima (1976-1977), onde creou a Caitano; A Nosa Terra (1977-1982), onde publicou as series de "Historias de esmagados" e D. Augusto; O Farelo, e La Voz de Galicia (de 1988 á actualidade), onde, amais de debuxar unha viñeta diaria, desenvolveu as tiras "O impaís" e "Ecos de sociedade", desde 2006 fai e a serie de Isolino.

Paralelamente ao seu traballo artístico, hai que destacar a súa xestión á fronte do Museo do Humor de Fene, que fundou e dirixiu desde a súa creación en 1984 ata 2008. Desde el levou adiante un extraordinario labor de dinamización do humor gráfico en Galicia, a través nomeadamente das Xornadas de Humor e dos Premios Curuxa, que se convocaron todos os anos ata 2007, mais tamén con exposicións tan comprometidas socialmente como Humor cru, sobre a traxedia do Prestige de 2002.

Esta dobre faceta de debuxante talentoso e xestor e dinamizador do humor deulle unha proxección internacional que fixo que teña sido reclamado como xurado nalgúns dos concursos de humor gráfico máis importantes do mundo, como o Salón Internacional de Humor de Piracicaba (Brasil) ou o World Press Cartoon de Lisboa e o PortoCartoon World Festival do Porto (Portugal).

Ademais, foi galardoado dentro e fóra de Galicia con premios tan prestixiosos como o Premio Galicia de Xornalismo (1984 e 1989), o Premio Galicia de Comunicación (1996 e 1997), o Premio da Crítica de Galicia de Artes Plásticas (2015), o Premio Paleta Agromán (1982 e 1991), o 1º Premio da Bienal de Humor de Gabrovo (Bulgaria, 1987) e o Trofeo Amadora Cartoon do XXV Festival Internacional de Cómic de Amadora (Portugal,



2014).

Marín é un dos poucos debuxantes que non cren no humor gráfico de "usar e tirar". Pola contra, pretende facer de cada viñeta unha obra de arte. Algo moi difícil, pero que ten acadado moitas veces, como demostra o feito de que hai obra de seu en doce museos de sete países de tres continentes.

Este libro está dividido en tres partes. Na primeira repásanse as principais etapas da súa traxectoria como humorista, apuntadas máis arriba. Na segunda analízanse as claves do seu universo artístico, tanto as que teñen que ver coa forma, incidindo na súa teima de facer arte e de se vencellar á tradición estética galega, como as que se refiren ao fondo, con especial atención á actitude e á temática. Na terceira fálase do Museo do Humor de Fene, que fundou en 1984, e do recoñecemento no exterior do debuxante, lembrando os premios que ten recibido e os certames internacionais dos que ten sido xurado.

Ao final da publicación, e logo das conclusións e as referencias bibliográficas, o lector atopará uns anexos cunha cronoloxía artística do autor, un resumo do seu currículo profesional (premios, bibliografía, publicacións periódicas nas que ten colaborado...) e a transcripción da entrevista para a tese de doutoramento que lle fixen en Fene o 4 de outubro de 2012.



Xaquín Marín con Guillermo Rodríguez, director de O Farelo nos Premios Curuxa 2004.

reira no humor gráfico, a banda deseñada, a ilustración, o cartelismo e o deseño, como ficou recoñecido coa concesión do Premio da Crítica de Galicia de Artes Plásticas 2015. E todo gardando sempre fidelidade ao seu particular estilo, que acadou moi cedo, xa a principios da década de 1970, e que se ten revelado o suficientemente versátil como para lle permitir abordar todas as devanditas manifestacións gráficas.

Marín naceu en Ferrol en 1943, pero ten vivido sempre en Fene. A súa primeira vocación foi a pintura, que trocou pola incipiente banda deseñada

Voz de Galicia, A Nosa Terra, Teima) pero tamén de Madrid (Hermano Lobo, La Codorniz, Gaceta Universitaria, Posible, Diario 16), doutras cidades españolas e ata do estranxeiro (Norte de México, Bronkit de Portugal, Ouest-France e Le Telegramme de Francia). No entanto, na súa traxectoria destacan sete etapas principais: Chan (1971), onde se iniciou no cómic e mais no humor gráfico coas súas catro primeiras bandas; Hermano Lobo (1972), onde publicou as súas únicas incursións no humorismo literario; La Codorniz (1972-1977), onde deu a coñecer o pé es-

Galicia

O ourensán Rubín Carballo abriu o “Camiño mexicano de Santiago”

Comezou en México a primeira ruta turística para visitar as capelas e igrexas dedicadas a Santiago”, segundo informa a Secretaría de Turismo (Sectur). Os recintos relixiosos localízanse nas cidades de Querétaro, no céntrico estado de Querétaro, en San Miguel de Allende, no estado de Guanajuato, e na Cidade de México. “Coa apertura da sede do camiño mexicano estarase a dar inicio a unha serie de eventos e actividades programadas periódicamente que contemplan accións para a difusión do Camiño México-Compostela, seminarios e festexos parroquiais de Santiago”, subliña o comunicado. Ademais, sumaranse rutas doutras localidades de México que contén con catedrais, igrexas ou capelas dedicadas ao



Rubín Carballo, no centro, durante a inauguración en México.

Apóstolo.

De inicio trabállase en San Miguel de Allende e a Ruta das Indias, unindo á cidade de Querétaro e a súa Catedral de Santiago coa Igrexa de Santiago en Tlatelolco na Cidade de México. Todos estes son lugares inscritos na

lista do Patrimonio Mundial da Unesco. “O obxectivo é enlazar os produtos turísticos de España con México e as súas diversas rutas de igrexas, capelas e catedrais edificadas en nome de Santiago Apóstolo no noso país”, agregou Sectur.

Apertura

A cerimonia de apertura do “Camiño mexicano de Santiago” levou a cabo na Igrexa de Santiago Tlatelolco, na Cidade de México. O acto estivo a cargo do ourensán Alejandro Rubín Carballo, chanceler e vicepresidente da Orde

do Camiño Santiago en España e Marianela Pena Romeu, comendadora da Orde de Santiago en México. Santiago é un santo moi venerado en México e con base en datos do Instituto Nacional de Estadística e Xeografía, existen 526 localidades que levan por nome Santiago. “Polo que desde o punto de vista do turismo relixioso e cultural, esta ruta será un produto turístico importante en México”, concluíu a Sectur.

Doutra banda a Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións convocaron a primeira edición de bolsas e premios de investigación sobre a ruta xacobeá e o fenómeno das peregrinacións. O obxectivo é impulsar o estudo e o coñecemento neste ámbito, o que está previsto no Plan director do Camiño de Santiago, informa Turismo de Galicia nunha nota de prensa. Impulsadas por este organismo, a Universidade de Santiago e a Catedral, haberá tres axudas de 1.500 euros cada unha, pensadas para unha estancia dun mes.

jba
servicios
inmobiliarios
Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense
☎ 988 10 20 75 ☎ 629 83 67 48
www.inmobiliariajba.com
jba.couto@gmail.com

**CARNICERÍA
MARIVAN**
abierto
los domingos
C/Faustino Santalices - esquina
Pablo Picasso - Ourense
Tlf. 639 58 04 30

**TAPERIA
BRIGOS**
C/Pena do Vado 114 Reza, Ourense
Tlf. 988 544 399

Orixe
PUBLICIDADE COMUNICACIÓN
C/Francisco de Moure 20
Ourense
☎ 988 60 70 75
www.orixepublicidade.es

VEN...
www.clubtosca.es
Sala de Fiestas Music-Hall
C/ Ervedelo, 15 - ourense
☎ 988 23 44 99
698 14 82 07
cerramos los domingos

Ribas de Sil celebra a XVI Feira da Cereixa e do Aceite

O Concello de Ribas de Sil organiza a XVI edición da Festa da Cereixa e do Aceite na Praia Fluvial de San Clodio (a capitalidade municipal). Roberto Castro, tenente alcalde e responsable da organización destaca que é fundamental para os visitantes “probar unhas cereixas únicas, ecolóxicas que medran no microclima de Ribas de Sil, ao tempo que poden disfrutar con nós dunha fin de semana chea de actividades na fermosa Praia Fluvial de San Clodio referente turístico da zona sur da provincia de Lugo”. Sostén Castro que “a cereixa e o aceite son recursos económico da zona e fonte de ingresos ou complemento económico da poboación local”.

Espazo de lecer

Miguel A. Sotuela Vega, alcalde de Ribas de Sil, respecto da festa sinala que “os anos van pasando e xa levamos un longo camiño percorrido nesta festa de exaltación dos nosos produtos en especial da cereixa e do aceite. A verdade é que despois de quince edicións o noso concello é máis coñecido e os nosos produtores e artesáns teñen unhas datas nas que poden comercializar os froitos do seu traballo”.

“A Praia Fluvial de San Clodio –dí o alcalde– é o marco onde se desenvolve a nosa Festa da Cereixa. Constitúe un fermoso espazo de lecer que ofrece moitas actividades para realizar en familia durante as tardes de primavera e verán”.

Sostén o alcalde que “desde o Concello de Ribas de Sil afrontamos con forza e ilusión esta nova edición da Festa da Cereixa e do Aceite, tentando aportar o noso graniño de area para sacar adiante

a economía local. Agardamos que este programa de actos sexa do agrado dos nosos veciños e visitantes. Animámosvos a todos a compartir con nós estes días de festa adicados á cereixa e ó aceite. ¡Saúde e boa feira!”

Programa

O sábado día 9, pasarrúas a cargo do Grupo de Gaitas de Ribas de Sil. Apertura do recinto feiral. Degustación de cereixas. Pola tarde ás 17:00 instalación do stand da campaña “Separa con Xeito”, de Ecoembes- Xunta de Galicia. Ás 18:00 na Aula de Pesca, apertura da exposición de pinturas a cargo dos alumnos da Escola Municipal. Xornada de pintura ó aire libre. Ás 19:00 Presentación do libro adicado á aldea de Vilardomato “Loyda” de Loyda López Pérez. Media hora mási tarde, 11º Trofeo de fútbol da Cereixa na Área Deportiva da Praia Fluvial. Ás 20:30 festa a cargo dun grupo musical.

O domingo día 10, apertura do recinto feiral. Degustación de cereixas e produtos típicos. Exposición de Pintura na aula de pesca. Ás 11:00 pasarrúas do grupo de Gaitas da Escola de Música de Ribas de Sil. Unha hora máis tarde, actuación da Banda de Música da Deputación de Lugo (Programa Musiqueando). Ás 13:00 pregón a cargo de Fidel Fernán Bello, xornalista e director de Radio Principal-Cadena Ser. Pola tarde, ás cinco demostración de talla de madeira a cargo do artesán Marcos Ladra Sanjurjo no anfiteatro. Centrad (Deputación de Lugo). Ás 19:00 actuación de Titeres Alakran (espectáculo musical con marionetas de fio). Clausura da Festa.



A festa celébrase na Praia Fluvial de San Clodio.

Xeocamping

Por outra banda, o tenente de alcalde, comenta que “comenzaron as obras do denominado Xeocamping Municipal de Ribas de Sil, un espazo de máis de 7000 m2 con oito bungalows e que contará cunha capacidade de preto de 100 persoas. Podemos considerar que este será o primeiro Camping da Ribeira Sacra e dará servizo ós visitantes tanto da Ribeira Sacra coma

do Courel”. Explica Roberto Castro que “prestará aloxamento ós peregrinos do Camiño de inverno (Recentemente recoñecida coma ruta Xacobeas), así como ós visitantes do futuro territorio Xeoparque unha vez que sexa recoñecido como tal pola Unesco. O Xeocamping ten unha inversión total de 700.000 Euros, na súa meirande parte aportados polo Concello con cargo a fondos propios.



O alcalde co presidente do consello regulador Ribeira Sacra.



“Livra-te de não seres escritor”

No seu último romance “Jogos de Raiva”, Rodrigo Guedes de Carvalho espelha o mundo atual assente na comunicação global e nas redes sociais. Para falar desta publicação, o autor e jornalista encontrou-se, na última sexta-feira, com os leitores monçanenses.

Habitados a vê-lo entrar em casa pelo grande ecrã, contando-nos factos noticiosos em registo sereno e credível, os monçanenses tiveram o privilégio de privar com Rodrigo Guedes de Carvalho durante quase três horas. Mais um encontro de escritores, na noite de sexta-feira, na Biblioteca Municipal. O sexagésimo. É obra (literária).



Ao convite compareceu cerca de uma centena de pessoas. Leitores assíduos daquele equipamento cultural que, muito raramente, falham um encontro. Público indiferenciado, de idades diversas, movido pelo interesse naquela figura nacional com um percurso profissional notável.

Com o presidente, António Barbosa, e os vereadores, João Oliveira e Natália Rocha, ausentes do concelho, a apresentação do autor esteve a cargo do vereador, Duarte Amoedo. A seu lado, Cecília Andrade, da editora D. Quixote, chancela dos últimos romances do autor.

Com “Jogos de Raiva” ainda a cheirar a tinta, tendo sido lançado no dia 8 deste mês, Rodrigo Guedes de Carvalho veio a Monção para falar deste romance com quase quinhentas páginas. Também de “O Pianista de Hotel”, lançado no último ano. Mais quinhentas páginas.

Exposição esGallaecia, artes e multimedia

Com o apoio do Centro Cultural Português do Camões, Instituto da Cooperação e da Língua, I.P. em Vigo, os estudantes da Licenciatura de Artes Plásticas e Multimédia da Escola Superior Gallaecia irão apresentar algumas propostas académicas de obras desenvolvidas ao longo do seu percurso académico.

A exposição está patente no Centro Cultural Português do Camões em Vigo de 24 de Maio a 15 de Junho, de segunda à quinta das 10h00 às 13h30 e das 16h30 às 18h30 e às sextas das 9h30 – 14h30.



Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.



Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense
Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo
Rúa de Ceuta, 60, 5ºdta. . 351 220 020 58 . Porto

Fai valer os teus direitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

—
881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña